



CONCELLO DE REDONDELA

ACTA DA XUNTANZA EXTRAORDINARIA DO CONSELLO PARROQUIAL DE
CESANTES
27 DE SETEMBRO DE 2013

ORDE DO DÍA

1.- Orzamentos participativos

No Centro Cultural de Cesantes, sendo as vinte horas e trinta minutos, do día vinte e sete de setembro de dous mil trece, previa convocatoria, reuníronse os/as seguintes integrantes:

- Leonardo Cabaleiro Couñago, representante do PS de G – PSOE
- Cecilia Pérez Orge, representante do BNG
- Francisco Muíños Barros, representante do PP
- Luis Medal Fiel, representante de AER
- Marcial López Cabaleiro, representante da comunidade de montes
- Rosa González Cabaleiro, representante das asociacións culturais
- Jorge Rodríguez Crespo, representante das asociacións culturais
- María Fernanda Castro Montero, representante das asociacións culturais
- Luis Antonio Medal Martínez, representante das asociacións culturais
- José Ignacio Novelle García, representante das entidades deportivas
- Clemente Bastos Estévez, representante do colectivo do mar
- Magdalena Ramoné Otero, representante do colectivo do mar
- Marta Rosa Ramos Álvarez, representante das ANPAS

Todos/as eles/as baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, de JESÚS CRESPO LÓPEZ, asistidos/as de min, Elisa Vieites Piquenque, coa finalidade de celebrar a xuntanza do Consello Parroquial de Cesantes convocada para o día de hoxe.

1.- Orzamentos participativos

Jorge Rodríguez Crespo informa que tiveron unha xuntanza cos colectivos veciñais para tratar os investimentos dos orzamentos participativos e decidiuse que se invistan os 13.500 euros dos orzamentos participativos na parroquia de Cesantes en:

1.- Reposición do parque infantil en Outeiro das Penas

2.- Instalación de mesas para a praia de Cesantes, preparar os lados da pista da festa e colocación de puntos de luz para que funcionen no verán.



CONCELLO DE REDONDELA

3.- Reposición de fiestras na vivenda do Colexio, xa que habería que adxudicala a alguén para que faga as funcións de conserxe do colexio, abríndoo pola mañán, pero que coas fiestras nas condicións que están non se lle pode adxudicar a ninguén.

Marta Rosa Ramos Álvarez di que a vivenda pertence ao Concello polo que se poden destinar parte dos cartos dos orzamentos participativos.

Leonardo Cabaleiro Couñago di que o colexio de Cesantes ten autoxestión.

Luis Antonio Medal Martínez di que a vivenda do colexio estaba feita para un conserxe que sería un encargado do Concello. A situación administrativa é un pouco rara porque é do Concello, pero Educación tamén ten parte. A vivenda habería que adxudicala a algunha persoa en base a un acordo que resulte beneficioso para o colexio e para as familias, pero sempre con precaución porque logo non se pode botar.

Cecilia Pérez Orge di que as vivendas escolares sempre as quixo o Concello, pero que Educación nunca autorizou. No colexio de Reboreda houbo un acordo cunha persoa que abría o colexio e funcionou daquela maneira, e sempre hai un risco de que non cumpra coas súas obrigas.

Luis Medal Fiel di que habería que buscar á persoa adecuada para a función de cara a evitar problemas. E teríase que ter claro cal é a administración responsable se ocorre algún accidente.

Luis Antonio Medal Martínez di que a responsabilidade sería do Concello ou de Educación.

Leonardo Cabaleiro Couñago di que é o Concello o que ten que cambiar as fiestras e facer máis investimentos na parroquia.

Marta Rosa Ramos Álvarez di que o Concello comunicou que as fiestras están en bo estado.

Luis Antonio Medal Martínez di que o máis normal sería que os consellos parroquiais participaran antes na elaboración dos orzamentos do Concello levando propostas dos investimentos que se necesitan para cada parroquia.



CONCELLO DE REDONDELA

Cecilia Pérez Orge di que no caso de que se cambien as fiestras, o Concello primeiro ten que averiguar se é de propiedade municipal.

O Presidente di que ese é o primeiro paso que vai tratar no Concello e que falou coa directora do colexio e ésta non ten claro de quen é a competencia.

Leonardo Cabaleiro Couñago di que o arranxo da vivenda do colexio ten que ir a cargo dos orzamentos xerais do Concello. O Presidente infórmalle que estes orzamentos participativos saen do orzamento xeral do Concello.

Cecilia Pérez Orge di que en relación coa orde de prioridades para os investimentos se teña en conta se a vivenda é do Concello, e se non é que se tome o acordo en previsión desta circunstancia.

Luis Medal Fiel di que para o ano que ven se ten que ampliar o abano de posibilidades para a finalidade dos orzamentos participativos e non só en investimento.

Cecilia Pérez Orge di que é a parroquia a que ten que elixir o destino dos orzamentos participativos, xa que coñece máis as necesidades que por exemplo poderían ser en cuestións relacionadas cos servizos sociais.

O Presidente somete á votación a orde de preferencia dos investimentos dos orzamentos participativos na parroquia de Cesantes e as/os membros do Consello Parroquial de Cesantes aproban por unanimidade o seguinte:

- 1.- Reposición das fiestras da vivenda do colexio de Cesantes. Os orzamentos serán facilitados polas/os membros do Consello Parroquial.
- 2.- Reposición do parque infantil de Outeiro das Penas. Os orzamentos os facilitará o Concello.
- 3.- Instalación de mesas para a praia de Cesantes, preparar os lados da pista da festa e colocación de puntos de luz para que funcionen no verán. Os orzamentos os facilitará o Concello.

Despois de realizar a obra da vivenda do colexio os cartos restantes distribuiranse en partes iguais entre o punto dous (parque infantil) e o punto tres (praia de Cesantes). No caso de non poderse facer a obra da vivenda do colexio repartirase o importe dos orzamentos participativos a partes iguais entre o punto dous e tres.



CONCELLO DE REDONDELA

E, non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levantouse a sesión, sendo as vinte e unha horas e corenta minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se estende a presente ACTA, da que, como Secretaria do Consello, DOU FE.